

10 razóns para pertencer a A.N.P.A do CEIP Sada y sus Contornos

- 1) Porque é a nosa responsabilidade educar aos nosos fillos e as nosas fillas
- 2) Pola necesidade de estar unidos á hora de reivindicar aspectos que nos axuden a mellorar a escola pública.
- 3) Porque un movemento de pais e nais agrupados fan que as iniciativas e peticións destes sexan vistos con maior respecto polas administracións públicas, pola sociedade, etc.
- 4) Porque existe un marco legal onde se ampara o noso dereito a participar na vida do Centro Escolar
- 5) Pola importancia de levar aos Consellos Escolares a presenza dos pais e nais, organizados nas ANPAs, para defender os intereses de todos, non os individuais.
- 6) Porque se os pais e nais non somos capaces de motivarnos pola educación dos nosos fillos... ¿Por quen o faremos?
- 7) Porque se as nais e os pais non somos activos e participativos, como explicar aos nosos fillos e fillas que teñen que ser persoas implicadas nunha sociedade onde poidan e deban expresarse , participar e corresponsabilizarse no seu propio futuro.
- 8) Porque para realizar a formación activa dos pais e nais é necesario unir esforzos e ideas.
- 9) Porque as ANPAs deben traballar pola integración no seu contorno, facendo uso das instalacións do Centro Educativo.
- 10) Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida para os nosos fillos e fillas.

Estades convidados a formar parte da entidade

representativa das nais e pais de alumnos do colexio do voso fillo/a.

FAITE SOCIO

Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP Sada y sus Contornos



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS AS MARIÑAS



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS
AS MARIÑAS

O noso blog: <http://anpasadaysuscontornos.blogspot.com/>

O noso correo electrónico: anpa.sadaysuscontornos@gmail.com

Colexio de educación infantil e primaria Sada y sus Contornos

Avda. Sada y sus Contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña. Tfno colexio 981 620 337

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Horario: de 16 a 17,30 horas

Actividades que se ofertaron no actual curso:

Informática, Baile moderno, Xogando co corpo, Ximnasia rítmica, Xogando co idioma, Piscina, Inglés (Trinity), Pintura

A xestión das actividades extraescolares está a cargo dunha empresa especializada, Aurea:

<http://www.aureacultura.com/>

O número mínimo de alumnos necesarios para que se leve a cabo calquera actividade será indicado polo monitor correspondente.

No caso de que se necesite desdobrar algún grupo farase por idades ou criterios dos docentes.

A duración das actividades son de 1 hora e 30 minutos á semana, excepto piscina que dura 45 minutos semanais.

Comezo de actividades: luns 1 de outubro.

BANCO DE LIBROS

Temos en marcha un “banco de libros” para fomentar a solidariedade entre as familias e inculcar hábitos de reciclaxe e reutilización de materiais didácticos.

ESCOLA DE PAIS

Actividades dirixidas as familias. Iniciamos no curso 2006-07 unha serie de actividades sobre diversos temas que nos preocupan aos pais e nais na educación dos nosos fillos e na nosa propia formación: a alimentación, educación para a igualdade, habilidades sociais para a resolución de conflitos,... Este curso mantemos a escola ofertando diversas actividades as nais e pais de alumnos.

As nais e pais non temos porque sábelo todo en relación coa educación dos nosos fillos pero si que debemos tratar de apréndelo. Unha boa forma pode ser participando na escola de pais.

escoladepais.sadacontornos@gmail.com

